O NOBELO DO TEMPO EN NARÓN II

Proxecto de recollida, difusión e reelaboración
de literatura oral popular no concello de Narón

O NOBELO DO TEMPO EN NARÓN II

Proxecto de recollida, difusión e reelaboración
de literatura oral popular no concello de Narón

Proxecto ideado e promovido pola Concellaría de Educación do Concello de Narón a través do Servizo de Normalización Lingüística. Servizo subvencionado por:

Xunta de Galicia. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Secretaría Xeral de Política Lingüística

Deputación da Coruña

Edición: Concello de Narón. Concellaría de Educación. Servizo de Normalización Lingüística.

Praza de Galicia, S/N 15405 Narón, A Coruña

Tfn: 981 33 77 00

Depósito legal: C 1676-2014

Deseño e maquetación: Fabaloba

Imprime: Sacauntos Cooperativa Gráfica

Os contos, os cantos, as lendas, as panxoliñas ou os refráns serviron dende tempos inmemoriais como mecanismo de transmisión oral do coñecemento e da cultura das distintas sociedades. Tamén en Galicia, e tamén en Narón. A tradición oral permitiu, desde o inicio dos tempos, transmitir costumes e formas culturais propias de xeración a xeración, incluso cando aínda non existía a escritura.

A tradición oral dá conta do que fomos, do que somos, e do que queremos ser como pobo. Fálanos, en definitiva, da nosa forma de ser e da nosa idiosincrasia. É por iso que consideramos tan importante tratar de conservar esas tradicións orais, preservándoas da forma en que a humanidade gardou sempre o máis prezado, nos libros.

Logo do éxito e a acollida que tivo en Narón a primeira edición do Nobelo do Tempo, publicado polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Narón, decatámonos da importancia e da necesidade de continuar co proxecto. Desa sensibilidade do Concello de Narón xorde este segundo volume co que pretendemos seguir avanzando na recollida de novas formas de literatura oral popular. Para iso contamos coa colaboración de moitas persoas do concello, entre elas diversos membros da Sociedade Cultural Areosa de Piñeiros, alumnado das actividades do Centro Municipal de Maiores Manuela Pérez Sequeiros ou o alumnado de 3º e 5ª de Educación Primaria do CPR Ayala, así como material cedido polo CPR Santiago Apóstol recollido tamén durante varios anos.

Desde estas liñas quero amosar a satisfacción por poder publicar este segundo traballo que nos permite seguir avanzando na conservación da nosa cultura e da nosa identidade como pobo. Dende aquí imos seguir traballando arreo e apoiando a promoción da nosa cultura, e do noso idioma, promovendo a transmisión interxeracional de todas as formas e expresións culturais que nos son propias.

José Manuel Blanco Suárez
Alcalde de Narón

Desde a Concellaría de Educación e a través do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Narón, iniciamos no ano 2013 "O Nobelo do Tempo en Narón", un proxecto de recollida e difusión de literatura oral popular no noso concello. En 2014 decidimos aumentar este patrimonio cultural para tratar de recompilar un maior volume de material co obxectivo de difundilo e evitar na medida do posible que se perda co paso do tempo.

Grazas á extraordinaria colaboración de moitas persoas do municipio, recollemos directamente da tradición oral unha variada mostra de adiviñas, panxoliñas, contos, cantos de berce, lendas, refráns, romances, coplas, etc., algúns coñecidos seguramente en toda Galicia e outros que fan referencia específicamente ao Concello de Narón e ao seu contorno.

A literatura popular é unha das máis fermosas manifestacións da nosa cultura que constitúe unha herdanza inestimable que debe seguir pasando de xeración en xeración; é un vehículo de transmisión da nosa lingua, das crenzas, os costumes, a forma de vivir e de pensar dos nosos devanceiros.

A carón do lume, durante as duras xeiras de traballo, nos momentos de lecer en romarías e festas,... a literatura popular formou parte da vida dos nosos antepasados e coa edición deste libro queremos contribuir a que este tesouro cultural permaneza na nosa historia como pobo.

María del Carmen Espada Cortizas
Concelleira de Educación

Lendas **07**
Contos **11**
Contos marabillosos 11
Chistes 17
Anécdotas persoais 21
Outros 23
Poesía popular **25**
Romances 25
Parrafeos e outros cantos dialogados 33
Cantos de Nadal 34
Arrolos 39
Rimas e xogos infantís 41
Coplas 45
Oracións 58
Adiviñas 59
Trabalinguas 63
Enredos 66
Poemas de autor/a con xeito de tradición oral 67
Outros 81
Refráns e expresións **83**
Crenzas e costumes **97**

06
07

LENDAS

- **O demo** por Mª Antonia García López, Ferrol

  Miña sogra sempre me contaba:

  — Eu cando era pequena iba buscar sempre as ovellas, que as tiñan alindando nun campeiro.

  Pero un día, aínda non chegaran as ovellas á casa, mandárona a polas ovellas con seu primo […]. Chegaron alí e viron o grupo de ovellas aló no fondal e foron para o fondal e xa non estaban. Cando eles estaban no fondal, as ovellas xa estaban para arriba. Volvían para arriba, volvían a escapar para o outro lado e do campeiro non as daban quitado.

  E xa miña sogra dixo:

  — Avelino, se as come o demo, que as coma. Nosoutros nos vamos, xa non esperamos máis.

  Iban por un camiño, que era unha congostra, que é un sitio moi fondo e ten árbores polos lados, moi sombrío, e iban calados e díxolle miña sogra ao primo Avelino:

  — Ti ves o que vexo eu, o que estou vendo eu?

  Porque vían unha cabra con pés de cabalo. Colleron medo

Concello de Narón

e cando chegaron á carretera as viron pasar. Entonces alí había un cruceiro. Abrazáronse ao cruceiro e dixeron:

— Aquí non temos medo, demo cativo.

Transformouse nun carneiro enorme. Ghrande e meteuse polos toxos adiante e botou un berro.

— Chegamos á casa e preguntamos se chegaran as ovellas.

— E fai un cachiño que chegaron. Chegaron diante de vós.

Entonces contáronlles aos pais o que viran e dixo:

Ese éche o demo, pero vosoutros non teñades medo que agarrados ao cruceiro non vos pode facer nada.

- **A galiña con pitos** por Dionisio Yáñez Vázquez, Vilalba

  Os nosos antepasados nos poñían medo dicindo que ao lado do río había unha pena mui nombrada que pola mañá

ou ás altas da noite dicían que había unha galiña con pitos e que salía de noite a pasear con eles e logo se recollían pola mañá. Entonces nosoutros tíñamos medo.

- **Lenda do lugar de Agrande** (parroquia de Castro (Narón)

  Os de máis idade contan que en séculos pasados, no lugar de Agrande, nun monte chamado O Xestal, máis tarde A Pradeira e logo Granxa Miñoto, había unha capela e, ao seu carón, unha fonte chamada A Fonte da Santa. Ás súas augas atribuíronselle propiedades descoñecidas, pero que obraban verdadeiros milagres para as parturientas.

  Tamén di a lenda que cando se fixo a eirexa (no século XVIII) A Virxe escapábase entre o lusco e o fusco á súa antiga capela e o crego tiña que ir a por ela.

  Hai veciños que lembran escoitar dicir a algún antepasado ter ido á fonte milagrosa á procura de auga para algunha parida da familia.

  No 1940 roubaron a Virxe, rompérona e deixárona nun castro cercano. A devoción quedou patente xa que os restos da imaxe foron levados a un taller de restauración. Xa reparada voltou ao seu altar. Os veciños como acto de desagravio percorreron as rúas e camiños da parroquia coa imaxe ás costas. Este feito lémbrase cada 15 de agosto polos veciños celebrando as festas patronais na honra da Virxe.

10
11

CONTOS

Contos marabillosos

- **Flor de lila** (Recollido no Centro Municipal Integrado Manuela Pérez Sequeiros)

Eran tres hermanos e tiñan un padre que era o rei, e un era bueno e dous eran malos. O padre estaba enfermo e lles dixo que non curaba a non ser que lle trougheran a flor da lila a oler. Entonces os pequenos se foron monte a través a buscar a flor da lila, que era unha flor que estaba moi protegida, era unha flor milagreira.

Polo camiño encontraron unha bruxa e ela pideulles se lle daban algo. Os maiores dixéronlle que no, e falábanlle mal e se iban, e veu o terceiro e lle dou un trozo de pan reseso e díxolle:

— Tómelo usted señora, que a mi no me hace falta.

E ela dixo:

— Que Dios te lo aumente.

Entonces foi a señora a que lle dixo o camiño da flor da lila porque era bueno e lle aumentou a comida que

levaba. Aos outros como lle dixeran que nas mochilas levaban pedras converteulles a comida que levaban na mochila en pedras.

A muller díxolle ao máis pequeno que no camiño pasaría por certos huertos e que o iban a inducire, a cantar para convencelo… e díxolle:

— Pasa, ti nunca mires atrás.

E se foi e a encontrou. Tardou tres días e a encontrou e viña coa flor da lila, pero os hermanos lla quitaron, o mataron e o enterraron. Entonces alí saleu un frondoso cañaveral.

Os hermanos lle levaron a flor ao padre e o padre curou. Pero un día pasou un pastorcito cunhas ovellas e cortou alí un cañaveral que se lle fastidiara a flauta e probou a flauta a ver se tocaba, a canaveira. E a flauta sonou:

Pastorcito no me toques
ni me dejes de tocar
mis hermanos me mataron
por la flor de la lila.

Entonces dixo el:

— Con esto me iré por los pueblos y haré mucho dinero y dejaré mis ovejas.

E cal foi a casualidá que el foi ao pueblo onde estaban celebrando unha festa. Entonces el empezou ca flauta e a flauta tocaba así e os hermanos saliron e arrebatáronlle a flauta. Houbo un algarabexo! Entonces o rei dixo:

— Que pasa?

E os hermanos dixeron:

Flor de lila

CON
TOS

— Este de aquí, padre, que viene haciendo…

— Dejarlo a el.

E subeu e a flauta sonou:

Padre mío no me llores
ni me dejes de llorar
mis hermanos me mataron
por la flor de la lila.

- **Blanca Flor** por María Antonia García López, Ferrol

O demo tiña tres fillas e el quería casalas ben […] e buscaron homes para casar con elas. Entonces, a nai quería que se casara Blanca Flor, que era a máis nova. O home estaba disposto a que durmiran na casa [os pretendentes] e pola noite daríalles unhas puñaladas aos homes e así non tiña que casar ningunha. Pero a muller do demo estuvo pensando e dixo:

— Vámoslle poñer a teu pai, como quen que estaban eles na cama, un barril.

E entre as catro puxeron os barriles na cama e pola noite, cando se levantou el colleu o cuchillo e pim, pim, pim, clavou os tres barriles. Empezou o viño a salir e el todo contento que lle salira a sangre xa. Pero despois pola mañá, resulta que ben viu que non foran os rapaces. Entonces puxo outra condición. Dixo:

— Bueno, o que se vaia a casar con Blanca Flor ten que reconocela polo dedo miñique.

E lle tiña que buscar un anillo que estaba dentro do río. A nai lle axudou ás tres, que buscaron o anel e llo puxo a unha que lle facía unha seña co dedo. Cando destaparon as rapazas tiña o anel posto Blanca Flor e entón [o demo]

deixouna casar pero antes de que saíra da casa [o demo] díxolle á nai:

— A min non me gusta o rapaz.

E foi a nai e lle dixo [a Blanca Flor]:

— Mira, Blanca Flor, colle o cabalo da corte, o que corre co vento. Non collas outro.

E colleron os rapaces o que corría co vento e fóronse mui lexos, e o demo detrás. Pero non tiña un cabalo que correra tanto como o vento. Entonces nunca os alcanzaba. Entonces a nai lle dixo a Blanca Flor:

— Transfigúrate.

Entonces chegaron á beira do mar e o cabalo fixo de barco. Xa podían navegar. Navegaron hasta a outra orilla pero o pai dixo:

— Eu xa sei que sodes Blanca Flor e o home, pero bueno, eu non poido facer nada, así que vai con Dios

E marchou [o demo].

[Blanca Flor e o home] chegaron a un pueblo e asentáronse nunha casa e tiveron seis fillos

- **A xarra de cristal** (Recollido no Centro Municipal Integrado Manuela Pérez Sequeiros)

  Un home quedou viúvo cunha filla pequena, e volveu a casar despois cunha muller que non quería á pequena.

  Cando a muller saía da casa, decíalle á pequena que si alguén viña á porta a pedir auga dera sempre a auga na xarra de barro, nunca na xarra de cristal.

  Un día que o seu pai estaba de viaxe, saíu tamén a muller, ficando a nena soíña. Chegou unha vella e pediulle unha xarra de auga, e a pequena deulle a auga na xarra de barro.

A vella, (que era a muller do pai disfrazada) non lle quixo a auga, díxolle que non lle sabía ben pola xarra de barro, que por favor lle dera a auga nunha xarra de cristal.

A nena contoulle que a súa madrasta non a deixaba coller a xarra de cristal, que a tiña moi avisada. A vella, astuta, díxolle que ninguén o ía saber e, finalmente, a pequena deulle a auga na xarra de cristal.

A vella deixou caer a xarra ao chan, e foise. A nena, chorando desesperada, recolleu os anacos da xarra e gardounos.

Cando chegou a madastra preguntoulle pola xarra de cristal. A nena chorando contoulle o que fixera a vella.

Entón a madastra sentouna nun banco para peiteala, e mentras o facía foille cravando na cabeza un a un os anacos da xarra de cristal.

16
17 A nena morreu, e a muller enterrouna na horta. Cando chegou o pai preguntoulle pola filla, e ela contestoulle que non sabía onde estaba, que facía días que non a vía pola casa. O pai púxose moi triste, pensando que a súa filla non quería estar con el.

Un día, camiñando por un recuncho da horta, o pai sentiu unha voz que dicía:

Paiciño, non me pises,
nin me deixes de pisar,
a túa muller matoume,
pola xarra de cristal.

O home pensou que oía mal, e volveu a pasar polo mesmo lugar, e volveu a escoitar a mesma canción:

Paiciño, non me pises,
nin me deixes de pisar,

a túa muller matoume,
pola xarra de cristal.

O home comenzou a cavar na terra ata que atopou o corpo da súa filla. Cheo de dor pola morte da súa pequena, e de rabia pola maldade da súa muller, botou a esta fóra da casa, e díxolle que non quería volver a vela xamais.

Así acaba este conto. Imaxinádevos canto choraba eu de pena pola neniña e mais polo pai. A miña nai reíase ao verme chorar, e dicíame que tan só era un conto.

Chistes

- **Os supositorios** (Recollido no Centro Municipal Integrado Manuela Pérez Sequeiros)

Había un matrimonio que el era cazador. Ela enfermou e o médico deulle uns supusitorios. Ela chegou e meteunos no queixón e el tiña os cartuchos alí tamén. Bueno, pola mañá dixo:

— Voume ir para o monte.

Colle a escopeta, mete o cartucho e nada, non disparaba. Volve a cargar a escopeta e nada. Acabou os cartuchos pero non… se lle derretiron. E chegou e dixo ela:

— E que pescaches?

E dixo:

— Non pesquei nada.

— Non pescache nada? Tan bon cazador que eres e ahora fulano e fulano esperando pola carne.

E dixo:

— Bueno, pois a min tamén me pasou unha cousa.

— E que che pasou?

— Non cho digo que me dá verghonza.

— E logho, eu non che dixen o que me pasou a min?

Dixo:

— Mira, levanteime, salín á eira, caghei un peido e matei ao can.

- **O mariñeiro e o borracho** (Recollido no Centro Municipal Integrado Manuela Pérez Sequeiros)

Antigamente os mariñeiros iban coller o barco a Vigo. Entonces había un que tiña que estar ás seis da mañá en Vigo no barco e dixo:

— Como vou facer? Coche non teño…

E foi para Vigo pero estaban en festas e non había onde durmir. E dixo el:

— Dios, e ahora como fagho. E preguntaba nun sitio e no outro e nada. E foi a unha pousada e preguntoulles:

— Non, non. Acabamos de alquilar a última, que por certo era un borracho.

E dixo:

— Se queres durmir co borracho…

Dixo:

— Pois antes de durmir fóra, durmo co borracho.

Bueno, e déitase co borracho pero véñenlle as ganas de ir ao váter e non sabía a donde ir, non sabía por donde ir. E dixo el:

— Pois, como fagho.

Quitoulle o pantalón do borracho e caghoulle nel. E

vólvelle a poñer o pantalón. Bueno, para o outro día cheghou a hora e el foise. E tardou tres anos en volver. Entonces dixo:

— Vou mirar á pousada aquela a ver que…, que foi do borracho. A ver, mire, non me conoce?

— Pois no, no.

— Pero mire, non se acorda que eu durmín cun borracho, que non había camas?

— Ai, si, home si!

— E que foi do borracho?

— Loqueou

— E logo como que loqueou?

— Como cagou no pantalón sin pasar polo calzoncillo.

- **A paxara do monaguillo** por Olimpia Tomé Gayoso, Betanzos

Un rapaz estaba no monte cun fato de ovellas e estábaas coidando e colleu un niño dun paxaro. Pasou por alí o cura da parroquia e díxolle:

— E ti queres vir axudarme a dicir misa?

E dixo o rapaz:

— Non.

— E por que? — Díxolle o cura.

— Porque teño un páxaro na man e teño medo que me escape.

— Non importa. — Dixo o cura.

— Traino.

El levouno e púxoo no altar, debaixo dun pucho que levaba. Cando o cura estaba dicindo a misa en latín, de

Paporrubio

espaldas á xente, dixo:

— Dominus vobiscum.

Levantou os brazos e tiroulle co pucho que tapaba o páxaro. O páxaro comenzou a saltar pola iglesia abaixo e o rapaz contestoulle berrando:

— Nin Dominus vobiscum nin Dominos nada. Por culpa de usté escapoume a paxara.

Todos escacharon coa risa aquel día na misa.

- **Por boca dun anxo** (Recollido no Centro Municipal Integrado Manuela Pérez Sequeiros)

  Un señor arroubáballe ao cura diñeiro… Entón, o fillo díxolle un día ao cura:

  — É que meu pai débeche levar diñeiro de aquí…

  E díxolle o cura:

  — Que me dis! Douche cinco pesetas se o dices un

domingo de misa.

E dixo:

— Bueno.

Entonces o cativo foi á casa e díxollo ao pai.

E dixo:

— Douche eu dez e non o dis, se dices o que che digo eu.

Entonces dixo:

— Vale

O cura na misa dixo:

— Os va a hablar un niño por boca de un ángel.

Entonces dixo o neno:

— El cura chiquillo durmió con mi madre, pobriño del si mi padre lo sabe.

Anécdotas persoais

- **O loro** por María Antonia García López, Ferrol

  Miña sogra cando era nena estaba traballando co pai no monte e lle dixo ao pai:

  — Ai, meu pai, teño unha sede que non poido máis.

  — Pois chégate alí á señora Ramona e que che dea unha pouca de auga.

  E chegou á señora Ramona e timbraba:

  — Señora Ramona, se fai o favor, me pode dar unha xarra de agua?

  — Ahora.

  Esperaba, esperaba, e volvía outra vez:

— Señora Ramona.

— Que?

— Si me fai o favor de dar unha xarra de auga.

E volvía o loro:

— Ahora.

Pero entonces ela dixo:

— Pero Dios mío, a señora Ramona non está. Quen é? Por donde sale a voz? — Pensou ela.

E mirou hacia donde pensaba e veu un páxaro. E volveu:

— Señora Ramona.

— Que?

— Me pode dar un xarro de agua?

— Ahora.

Dixo a cativa:

— Me cachis en diez, vou xunta meu pai correndo.

Atravesou a silveira, perdeu as zocas…

— Meu pai, meu pai, que na casa da señora Ramona hai un paxaro que é o demo, que fala. Eu non vou máis alí.

E díxolle o pai:

— É o loro, muller, é o loro.

— Que loro?

— O que che fala é un loro, que é un paxaro que fala. Vamos para alá.

E entón foron os dous para a casa da señora Ramona e non estaba, pero o pai, José, colleu a roldana, colleu unha xarra e beberon hasta fartar e logo marcharon.

- **A ánima ladroa** por María Antonia García López, Ferrol

  O pai da miña sogra dixo:

  — Hei saber quen rouba nas hortas por aquí.

  E saleu de noite, caladiño e veu que tiña todo blanco, petando moito. E acercouse o padre da miña sogra e dixo:

  — Nunca souben que as ánimas traían zocos e levantoulle a sábana e conoceuno.

  Ai!, señor José, non me descubra.

  — Como non te hei descubrir.

  Así que todo o mundo tendo medo pola aparición que facía e as patacas se notaban mermadas.

Outros

- **A inclinación** por Perpetua Mouriz, Cerdido

  Que vale más, a inclinación ou a enseñanza? E o profesor dixo:

  — A enseñanza.

  Dixo:

  — Eu teño un ghato e póñoo aquí e póñolle unha vela aí. Teño o ghato enseñado porque vale moito a enseñanza.

  Entonces el cando lle dixo:

  — Ven á miña casa. Vamos facer a prueba.

  Dixo:

  — Bueno, ide buscar… Malo será que non atope un ratico pequenico

  E meteuno nunha caixa e tapou no bolsillo. Entonces cando cheghou á mesa, a ver cal era millor: a enseñanza

ou a inclinación da persona. Entonces dixo:

— Pois o ghato está aguantando na vela aí porque o enseñei, no?

Vai o outro e mete a mau no bolsillo e bota a caixa encima da mesa e sáltalle o rato. O rato escapou e a vela foi para o inferno e o ghato foi tras do rato.

— Pero ti non ves, burro, que o ghato non naceu para aguantar na vela, que naceu para correr tras do rato?

• **O señor cura** por María Teresa Penedo Romero, do Couto, Narón

Érache un matrimonio , que el era sacristán e chamábase Xan. Un día veu moi enfadado para a casa pois o cura chamáballe Xan Xamás. E díxolle á muller que non volvía máis, que xa estaba farto. A muller díxolle que iría xunto el para rifarlle, pero que coxeaba e non podía. El díxolle que a levaba ás costas, e alá foron.

— Pum, pum. Pódese señor cura?

— Adiante.

— Oia vostede, pai do meu Andresiño e do meu Xanciño e dos outros tres e dos que máis tuvera si vostede quixera. Xúrolle polo burro que me trouxo, que me vai volver levar, que como lle volva chamar Xan Xamás hase acordar de min, señor.

E chamoulle máis Xan? Non, pois ao final é compadre.

POESÍA POPULAR

Romances

- **El soldado** (Recollido no Centro Municipal Integrado Manuela Pérez Sequeiros)

El 21 de mayo
empieza la primavera
cuando llaman los soldados
y los llevan a la guerra.

Unos cantan otros bailan
y otros tantos se pasean
y en medio de aquellos tantos
hay uno con mucha pena.

¿Qué te pasa a ti soldado,
por qué tienes tanta pena,
es por padre o es por madre
o es por hermanos que tengas?

No es por padre, ni es por madre,
ni por hermanos que tenga,
es por una morenita
que allá en mi tierra queda.

Cuanto darías soldado,
cuanto darías por verla?
Daría un millón o cuatro
mucho más si lo tuviera.

Le preparan un caballo
de los mejores que había,
por las cuestas iba a trote
por los llanos a carreras.
Y en el medio del camino
entropezó en una piedra.

Detente caballero, detente,
detente, detente en ti
que yo soy aquella morena
que algún día te serví.

Ahora estoy en el infierno,
tú no me sacas de aquí.
Vendería mi caballo,
daría misas por ti.

No lo hagas caballero,
no lo quiere Dios así.
Cuanto tú más bien me hagas
peor será para mí.

Cuando te vayas casar,
cásate en Valladolid,
que allí hay muy buenas mozas,
la mejor es para ti.

La primera hija que tengas,
ponle el nombre de mi,
Isabelina flor del campo
que así me llaman a mí.

Naroneses de festa nos anos 50 (Arquivo Municipal do Concello de Narón)

- **Romance de Xan Guindán** (Recollido no Centro Municipal Integrado Manuela Pérez Sequeiros)

Xan Ghindán quérese casar
non ten a muller buscada
vaille facer o amor
á filla da tía Xuana.

Boas noites, tía Xuana,
donde lle vai a rapaza?
Vai buscar o gas para a noite
e xa me parece que tarda.

Logo ve entrar a rapaza
pola porta para dentro.
Boas noites, Xan Ghindán,
tráigote no pensamento.

E ti diralo de risa,
pero eu díghocho de veras

hai un momento que estou aquí
quentando as canelas.

E sei que tes moito frío,
ai nunca Dios che me dera
ou é que queres quencer
ahora para a primavera?

Ben sabes que eu son soliño,
non teño con quen partir,
eu riquezas non as teño,
pero habemos de vivir.

Teño unha cabra mui boa
e tres ovellas preñadas,
e unha galiña cos oviños
para facer as torradas.

A cabra éche moi boa,
tróughocheme catro cabritos,
pero en canto dous maman
os outros andan a brincos.

Vendinos por catro pesos,
téñoos gardados para a voda,
se me queres dimo axiña
non andes facendo burla.

Eu casar ben me casaba
pero heiche de contar:
quero facer unha saia
e teño a lá sen fiar.

Teño os zapatos rotos
e o pano todo furado,
si tes cartos cómprame uns
e casaremos de contado.

Fixeron as municiós,
como é o seu acostumbrado
leváronllas ao señor cura
que llas lese de contado.

E o curiña leullas logo
no ofertorio da misa,
e a xente que llas oeu,
toda se fartou de risa.

O padriño e a madriña,
o cura e o sancristán,
enchéronse o corpo de risa,
cos feitos de Xan Ghindán.

E á nena deulle vergonza,
e afellas inda servía,
e cando xa van para casar,
díxolle que non o quería.

O Xan Ghindán quedou tan teso
como as vergas dun cañizo.
e deu a volta para a casa,
nin siquiera adiós lles dixo.

Porque a nena que é bonita,
e ten o corpo ben feito,
hai que lle mirar ás obras,
que lle falen os seus feitos.

- **Romance de Rufina** (Recollido no Centro Municipal Integrado Manuela Pérez Sequeiros)

Rufiniña hermosa,
ti que fas aí?
Estou gardando o gando,
que o traio aquí.

Rufiniña hermosa,
ti gardando o gando?
Xa Dios me criou
para este traballo.

Ai! Rufina hermosa,
queres vir comigo?
Niste monte sola
corres un peligro.

Vaite de aí humano,
se ben me desexas.
Queres que se perda
a facenda allea?

Non che digo eso,
nin tal como eso,
dígoche que vamos
a tomar o fresco.

A tomar o fresco
nin vou, nin irei,
que ha dicir meu amo
en que me embobei.

Se dicir teu amo,
en que te embobache,
veu un ballón de auga,
e que te abrigache.

Señor de mi vida,
eu mentir non sei,
voume para onda o gando,
que o perderei.

Do gando, Rufina,
non teñas cuidado,

si ti o perderas,
eu irei buscalo.

Vaite de aí, humano,
ou que vés oufano?,
con mangas de seda,
a gardar o gando.

Mangas e vestidos,
teño de romper,
Rufiniña hermosa,
para che dar placer.

Non me dás placer,
dásme moita pena,
ha de vir meu amo,
traerme a merenda.

Ogalá viñera,
e ogalá chegara,
e ogalá soupera
que eu contigo estaba.

Vaite de aí, humano,
non me des tormentos,
non te podo ver,
nin de pensamento.

Non te fagas brava,
nin impertinente,
que homes non son lobos,
que coman á xente.

Si me fago brava,
fágome moi ben,

niste monte sola,
así me convén.

Adiós Rufina,
que me vou embora.
Adiós Rufina,
que te quedas sola.

Non lle acorda…
Alá vou Rufina,
con moito cuidado,
que o que aventurei,
téñocho ganado.

Si ti o ganaras,
outro o perdería,
por palabras túas
me tes convencida.

E ahora, Rufina,
dígoche quen son,
dígoche Rufina,
que teu irmao son.

Se eres meu irmao,
do meu corazón,
de canto che dixen,
pídoche perdón.

Pídesme perdón,
xa está perdonado,
dáme unha mau,
e ponte dacabalo.

Xentiña do pobo,
acudan ao gando,

que se vai Rufina,
co seu namorado.

- **A princesa está viva**

  Que pasa no palacio,
  que tanto suceso conmueve?
  Que a princesa está viva
  e non hai morte que a leve.

  Heraldes con sus clarines
  facendo de preghoneiros
  que a princesa está viva
  anuncian ao mundo enteiro.

  Xa a princesa está sana,
  xa a princesa está boa,
  xa fregha de vertedeiro,
  e xa come clado con broa.

Parrafeos e outros cantos dialogados

- Por Olimpia Tomé Gayoso, Betanzos

  Eí che vai Maruxiña
  no curral do teu pai.

  No curral do teu pai
  encirráronme os cas
  e saleu miña sogra
  cunha tranca na man.

  Cunha tranca na man
  e o zapato no pé
  ela quéreme mal
  eu ben sei porque é.

Eu ben sei porque é,
eu ben sei porque ha ser
comprábanme a gaita
non lla quixen vender.

Non lla quixen vender,
non lla quixen vender,
porque a gaita, a gaita,
é da miña muller.

Marido non a vendas,
non a vendas por Dios
é a única prenda
que tocamos os dous.

Carmen miña, Carmeliña,
podes estar contentiña
que che traio outra gaita
mellor que a que tiña.

Toda loca de contenta,
botoulle as mans ao punteiro
e dixo bailando sola
tiruliru meu gaiteiro.

Por eso mozas solteiras,
fiade no meu consello,
pasade revista aos mozos,
a ver se teñen instrumento.

Cantos de Nadal

- Por Isabel Vizoso Castro, O Ponto (Narón)

Imos logo galeguiños,
imos para Belén,

hoxe é noite de ruada
noite de placer.

Anda axiña compañeira,
anda axiña polo teu ben,
xa verás aquel neniño,
xa verás que lindo é.

- Por Yaiza Rodríguez Rodríguez (5º de educación primaria do CPR Ayala)

Eu son un pobre galego
que veño desde Galicia
e ao neno Xesús lle traio
pano para unha camisa.

Eu son un pobre pastorciño
que veño de Exipto aquí
e ao neno Xesús lle traio
un galo quiquiriquí.

- Por Hugo Lamas Ferreiro (5º de educación primaria do CPR Ayala)

Pola media noite
cando o galo canta
nunha vila santa
chamada Belén
enriba das pallas
dun pobriño establo
naceu malpocado Xesús,
Xesús noso ben.

E morto de frío
non tiña nin tentos
e dáballe alento

Nevada en Narón (Arquivo Municipal do Concello de Narón)

a mula e o boi
a mula e o boi
a mula e o boi.

Pero nós como non temos nada
vimos pedir, si é que nos dan
un pouquiño de pan e touciño
para levar, para levar.

Pero nós como non temos nada
vimos pedir, si é que nos dan
un pouquiño de pan e touciño
para levar, para levar.

- Por Esther Diz Rodríguez (3º de educación primaria do CPR Ayala)

  Chamade ben baixo
  petade pouquiño

para que non esperte
o noso ruliño.

Que viva, que viva,
que reine que reine,
o noso neniño
que é o rei de reises.

- Da parroquia de Pedroso, Narón

Vámonos xa para a aldea
pois aquí non é ben ruar
que está o meniño durmindo
e podémolo despertar.

Vámonos xa cos Reyes
que de Oriente saliron xa
e guiados pola estrela
e guiados pola estrela
ao portal chegaron xa,
ao portal chegaron xa.

- Por Isabel Vizoso Castro, O Ponto (Narón)

Imos logo galeguiños,
imos para Belén,
hoxe é noite de ruada
noite de placer.

Anda axiña compañeira,
anda axiña polo teu ben,
xa verás aquel neniño,
xa verás que lindo é.

- Anónimo

Do ceo baixou un anxo
cheo de ledicia e contento

anunciándolle aos pastores
de Xesús é o nascemento.

Levantade os ollos,
mirade para as nubes,
veredes que baixan
bonitos querubes.

Bonitos querubes,
mirade para as nubes.

- **Fórmula para pedir licenza para cantar** (Recollida no Centro Municipal Integrado Manuela Pérez Sequeiros)

  De lejos venimos los que aquí llegamos
  Si nos dan licencia los reices cantamos
  Los reices cantamos y aquí cantaremos
  Con buenas palabras buen cantar traemos.

- Recollido no Centro Municipal Integrado Manuela Pérez Sequeiros

  A noitiña de Nadale
  noite de grande alegría
  caminando vai José
  caminando vai María.
  Abre las puertas puertero
  puertero de puertería.

- Por María Antonia García López, Ferrol

  Neno dos cabelos de ouro
  meu amore, meu tesouro, rico vén
  tanto como a ti che quero
  non lle quixen, nin espero
  quererlle nunca a ninguén.

- Por María Antonia García López, Ferrol

  Vide, vide, pouco a pouco
  rapaciños vide, vide,
  nadie fale, nadie tosa
  por si dorme o neniño.
  Vén aquí meu sol garrido
  meu estimado tesouro
  que vales máis que o ouro
  e canto na terra hai.

  Vide, vide, pouco a pouco.
  Vide, vide, rapaciños
  veredes aquel neniño
  veremos que lindo é.

  Aquel neniño que lindo é.

- Por Dionisio Yáñez Vázquez, Vilalba

  Esta noite é Noiteboa
  non é noite de durmir
  naceu un fillo de Deus
  que nos vén a redimir.

Arrolos

- Recollido no Centro Municipal Integrado Manuela Pérez Sequeiros

  Arrolín arrolán,
  anda a porca no pan
  de quen é? de quen é?
  do señor capitán
  do señor capitán,
  do señor coronel

arrolín arrolín
arrolín arrolán.

- Por Isabel Vizoso Castro, O Ponto (Narón)

Entre as pallas hai un neniño,
blanco e roxiño
que dá primor.
A ronrón meu neno,
a ronrón meu amor.

Este neno lindo
que non ten cuna
seu avó é carpinteiro
halle facer unha.

Dúrmete meu neno,
dúrmete meu sol,
dúrmete pedazo
do meu corazón.

Este neno é moi bonito,
xa ten ganas de dormir,
ten un olliño cerrado,
o outro non o pode abrir.

- Da Parroquia de Pedroso, Narón

Vámonos xa para a aldea
pois aquí non é ben ruar
porque Xasusiño dorme
e podémolo despertar.

Vámonos cos reyes
que de oriente saíron xa
e guiados pola estrela
ao portal chegaron xa.

Vámonos xa de aquí
que o neniño dormido está
e están cantando os ánxeles
os pastores veñen cantar.

- Por Isabel Vizoso Castro, O Ponto (Narón)

No pendello que hai xunta o camiño
esta noite pasada naceu
un neniño, pequeniño,
era un ánxel baixado do ceo naceu.

Aló vamos rapaciñas,
vamos rapaces, vámolo ver,
disque non ten o pobriño
nin camisas que poñer.

Rimas e xogos infantís

- **Sortes** por Sherezade Elena Rodríguez (3º de educación primaria do CPR Ayala)

Dedín, dedín, do teu borriquín,
cando o rei por aquí pasou
todas as aves convidou.

Chirlo, mirlo, vaite deitar
tralas portas do vilar.
Cae a mesa, cae a artesa
cae o rei coa súa princesa.

- **Sortes** por José Porto Díaz, Moeche

Pinto pinto gorgorinto
quen che deu tan largo pico
deumo Dios e o meu traballo
para picar naquel carballo.

- **Sortes** por José Porto Díaz, Moeche

  Tin, marín, de dos pingüé,
  Cúcara, mángara, títere fue

- Por alumnado de 3º de educación primaria do CPR Ayala

  — Compañeiro sei tocare (un só)
  — Compañeiro, que sabes tocare? (todos)
  — Sei tocar o tamborileiro (un só)
  — Como se toca o tamborileiro? (todos)
  Pomporrompón… (un só) O tamborileiro (todos)

  — Compañeiro sei tocare (un só)
  — Compañeiro, que sabes tocare? (todos)
  — Sei tocar a gaitolada (un só)
  — Como se toca a gaitolada? (todos)
  Tiroliri…. (un só) A gaitolada (todos)
  Pomporrompón… (un só) O tamborileiro (todos)

  — Compañeiro sei tocare (un só)
  — Compañeiro, que sabes tocare? (todos)
  — Sei tocar a fraitolada (un só)

  — Como se toca a fraitolada? (todos)
  Flirulifli… (un só) fraitolada (todos)
  Tiroliri…. (un só) gaitolada (todos)
  Pomporrompón… (un só) tamborileiro (todos)

- Recollida no Centro Municipal Integrado Manuela Pérez Sequeiros

  Xan pericán dacabalo dun can,
  o can era coxo, tirouno nun toxo,
  o toxo era falso, tirouno no campo,
  o campo era duro e rompeu o bandullo.

- Recollida no Centro Municipal Integrado Manuela Pérez Sequeiros

  Pico, pico, mazarico,
  quen che deu tan largo pico.
  Deumo Dios pos meus traballos,
  para picar eu nos carballos.
  Piquei e piquei e sete ghrauíños encontrei,
  e leveinos ao muíño.
  O muíño a moer e os ratiños a comer
  Pillei un polo rabo.
  Canto me dás por este porco cebado?
  Sete mulas e un cabalo.
  Fun por un camiño adiante,
  encontrei unha cabra morta
  e pegheille un puntapé
  e inda me fixo a cabra meee

- Recollida no Centro Municipal Integrado Manuela Pérez Sequeiros

  Tantarantán, para onde vas vella?
  Tantarantán, vou para o sal.
  Tantarantán, para que é o sal?
  Tantarantán, para botarlle ao caldo.
  Tantarantán, para que é o caldo?
  Tantarantán, para darlle á xente.
  Tantarantán, para que é a xente?
  Tantarantán, para sachar no millo.
  Tantarantán, para que é o millo?
  Tantarantán, para lle dar ás pitas.
  Tantarantán, para que son as pitas?
  Tantarantán, para que poñan ovos.
  Tantarantán, para que son os ovos?
  Tantarantán, para lle dar ao cura.

Nenas e nenos no quinteiro

Tantarantán, para que é o cura?
Tantarantán, para dicir a misa.
Tantarantán, para que é a misa?
Tantarantán, para ir a ela.
Tantarantán, para que vas a ela?
Tantarantán, para ir para o ceo.

- Por María Teresa Penedo Romero, O Couto (Narón)
  (Este cantar cantábano na escola mentres facían labores coa mestra Carmen Niebla na Escola de Nenas da Faísca en Narón)

Pimpón, pimpón, pimpeiro
polo rueiro chorando as nenas púxose o sol

Tristrás, tristrás, tristeiro
porque ao gaiteiro tocando a gaita rompeulle o fol.

Canta rula, canta rula
canta rula naquel souto
probe de aquel que espera
polo que está na man de outro

Tristrás, tristrás, tristeiro
porque ao gaiteiro tocando a gaita rompeulle o fol.

- **Cancións de xogos** Por Isabel Vizoso Castro, O Ponto (Narón)

  O florón pasou por aquí,
  eu non o vin,
  eu non o vin.

  O florón está nas túas mas,
  está o florón,
  que pase o florón.

- **As lombas** Por Isabel Vizoso Castro, O Ponto (Narón)

  A la 1 anda la mula
  A las 2 anda el reloj
  A las 3 anda el marqués
  A las 4 anda el maragato
  A las 5 pego un brinco
  A las 6 mi mano vereis
  A las 7 planto mi carapuchete
  A las 8 recojo mi mocho
  A las 9 atraca la mula y bebe
  A las 10 vuelve a beber
  A las 11 pica ponce
  A las 12 pajaritos a volar

Coplas

- Por Sara Penabad Garrote (5º de educación primaria do CPR Ayala)

  Chamáchesme moreniña
  á vista de tanta xente
  agora vaime quedare
  moreniña para sempre

Non sei que ten a morena
non sei que a morena ten
non sei que ten a morena
que todos lle queren ben
que todos lle queren ben.

Non sei que ten a morena
non sei que a morena ten.

- Por Nuria Díaz Piñón (5º de educación primaria do CPR Ayala)

Miña nai e mais a túa
andan no río berrando
por culpa dunha galiña
que ten amores co galo.

— o —

A raíz do toxo verde
é moi mala de arrincare
os amoriños primeiros
son moi malos de olvidare.

- Por Yago Tenreiro Rodríguez (5º de educaión primaria do CPR Ayala)

Eu teño un canciño
moi bon abofé
que baila o fandango
na punta do pé
na punta do pé
na palma da man
e toca as cunchas
charrascachaschas.

- Por Cristina López Durán (5º de educación primaria do CPR Ayala)

  Teño unha alegría tola
  Teño unha alegría tola
  acábanme de dicire
  que se casa a miña sogra.

  E ti que me dis,
  e ti que me dás,
  e ti que me fas,
  demo de rapaz.

  Ven Maruxiña
  a xunto de min
  e non fagas caso
  dese galopín!

- Por Helena Pita Caruncho (5º de educación primaria do CPR Ayala)

  Unha vella de Pedroso
  díxolle a outra do Val
  non subas tanto o refeixo
  porque poden pensar mal.

- Por Ana María García Ferreira (5º de educación primaria do CPR Ayala)

  Unha vella nunha fonte
  por unha verza bebía
  a verza estaba rachada
  toda a auga lle vertía.

- Por Ariadna Guzmán Barbeito (5º de educación primaria do CPR Ayala)

  Unha noite no muíño
  unha noite non é nada

Fonte de Santa Margarida, Narón

unha semaniña enteira
esa si que é foliada.

- Por Izan Hermida Polo (5º de educación primaria do CPR Ayala)

  Maruxa se vas
  ao río a lavar
  non torzas a roupa
  que a podes rachar
  que a podes rachar
  que a podes rachar
  Maruxa se vas
  ao río a lavar.

- Por Andrea Pena González (5º de educación primaria do CPR Ayala)

  A muller do tío Mateu
  xuráballo eu

ten unha xoroba
que lla fixo o tío Mateu
xuráballo eu
co rabo da escoba.

O can, o can, o demo do can
comeu as cirolas do meu tío Xan.

Ao subir as escaleiras
unha pulga me picou
agarreina polas orellas
e tireina polo balcón.

O can, o can, o demo do can
comeu as cirolas do meu tío Xan.

— o —

Non te cases cun ferreiro
que é moi malo de limpar
cásate cun mariñeiro
que vén lavado do mar.

Non te cases cun ferreiro
que o pican as moxicas
cásate cun carpinteiro
que fai as arcas bonitas.

- Por Nerea Vázquez Castro (3º de educación primaria do CPR Ayala)

A miña muller morreu
e enterreina no palleiro
deixeille un brazo de fóra
para que tocara o pandeiro.

- Por Alicia Freire Leira (3º de educación primaria do CPR Ayala)

  Por ser noite de San Xoán
  noite de encantos e bruxas
  por ser noite de San Xoán
  téñoche medo, Maruxa.

  Sáltoche, lume de San Xoán
  que non me trabe cadela nin can.
  Sáltoche, lume de San Pedro
  que non me trabe can nin cadelo.

- Por Perpetua Mouriz, Cerdido

  Os rapaciños de ahora
  eu che direi quen eles son
  agharran seu pai pola barba
  pasa por aquí castrón

- Por Sita Teijido Iglesia, A Gándara (Narón)

  Se viras o que vin
  o outro día na Malata
  unha espiga de maínzo
  andábache a rolos cunha pataca

- Por Dionisio Yáñez Vázquez, Vilalba

  Nena que estás na ventana
  retírate un pouco a dentro
  que haces pecar a los hombres
  en el sexto mandamiento.

- Por María González Pérez, Cervantes

  Miña nai por me casare
  ofreceume tres ovellas

unha cega e outra coxa
e outra non tiña orellas.

- Por José Porto Díaz (Moeche)

Unha vella dixo a outra
polo burato da porta
apóñoche mil quinientas
a que tes as pernas tortas.

- Recollidas no Centro Municipal Integrado Manuela Pérez Sequeiros

Comemos, comemos,
poñémonos gordos
e anque nos chamen
farémonos xordos

— o —

A donde vas Ricardo
co machado ao lombo.
Vou cortar os pinos
para Pepa do Bombo.

— o —

Costureiriña bonita
dime onde tes a cama.
No poleiro das galiñas,
nunha presiña de pallas.

— o —

Costureira non a quero,
tecelana non ma dan,
a filla dun labrador
que sepa ganar o pan.

— o —

Miña nai, miña naiciña
como miña nai ningunha
que me quentou a cariña
coa calorciña da súa.

— o —

Miña mai por me casare
ofreceume bois e vacas
e ahora que estou casada
pagoume cun pote de papas

— o —

É neniño
é teu pai
quen é fillo dunha cabra
periquiño mé.

— o —

Xa me dixo teu pai
que te saque a bailar
e no medio do baile
te deixe quedar

Te deixe quedar
e te deixe quedar
xa me dixo teu pai
que te saque a bailar.

— o —

Mais vale novo sin barba
que vello escacarañado
o novo xa medrará
i o vello está rematado

— o —

Rosiña, Rosiña, Rosa,
non te achegues moito ao Xan
que dos moitos arrechegos,
recheguiños nacerán.

— o —

Aquela que vén alí
coloradiña da cara
ten a fonte no curral,
todos os días se lava.

— o —

Andei trinta anos dereita
e todo o mundo calado,
caín un día e agora din
que ando sempre tropezando.

— o —

Vai de aí cara de porco
pois non es máis que un falsario
que andas roubando nas casas
mentras rezas o rosario.

— o —

Nin quero papas de millo,
nin quero verzas de pote
nin quero bicos de home
que rasquen co bigote

— o —

Seis anos tiven de amores,
seis anos de namorada,
pegoume a ferruxe nel
e xa non me serve de nada.

— o —

Mira para ela, mira para ela,
que ela para ti mirará,
se che parece pequena
deixa que xa medrará.

— o —

Xan coida que manda en todos,
Xan coida que manda el,
e Xan mandaría en todos,
si non tivera muller.

— o —

Todos me din que me case,
todos me din que vou ben,
todos me din que me case,
pero non me din con quen.

— o —

O carballo da ribeira
ten as follas reviradas
porque llas revirou o vento
unha noite de xeada

- Por Fernando Loureiro Aneiros, Castro (Narón)

Non preguntes por saber
que o tempo cho dirá
que non hai cousa máis fermosa
que saber sen preguntar.

— o —

Unha vella dixo a outra
polo furado da porta
ti ghoberna a túa vida
que a miña nada che importa.

— o —

Unha vella e mais un vello
fixeron unha empanada,
a vella comeuna toda
e o vello quedou sen nada.

— o —

Unha vella mui ben vella
di que non lle sabe o touciño
se repite, come un porco enteiro
dende o rabo hasta o fuciño.

— o —

O secreto do teu peito
non llo contes ao teu amigo
que pode ser co tempo
che vaia de testigo

— o —

Nena que tanto sabes
tan amiga de saber,
a ver si sabes cantos pelos ten un rato
cando acaba de nacer

— o —

San Benitiño do ollo redondo
hei de ir alá, miña nai, si non morro
hei de levar unha bota de viño
e unha libriña de pan para o camiño.

— o —

Unha vella moi ben vella
de cabeza blanca
botou un peido na cama
e fixo recachar a manta.

— o —

Que dicha ten o meu ghalo
dormir no meu capoeiro
que durme con vinte e cinco
e aínda hoxe está solteiro.

— o —

Arrastraches o cu polas pallas,
e fixeches a cama no chao
e mollaches a berberechiña,
que a tiñas sequiña do vrau.

— o —

Unha vella de cen anos
e un vello de cento dous
xuntaron as barriguiñas
e diron grazas a Dios.

- Por Ana Isabel Bello Platas, Ferrol

  Vaite con Dios meu vello
  vaite con Dios meu amor
  que nos deixaches un inverno
  de frío e de ciclós.

- Recollido no Centro Municipal Integrado Manuela Pérez Sequeiros

  Maruxiña, da porteira
  eu estaba no lindeiro
  conocinte no cantare
  seguinte polo carreiro

- Da parroquia de Castro, Narón

  Miña nai doume unha tunda
  co arco dunha peneira

miña nai pasou verghonza
da xente que iba para a feira.

— o —

Heiche de dar o boi blanco
e mais a vaca marela
e mais a filla máis nova
para que te cases con ela.

— o —

Eres tonto de día
eres tonto de noite
que non me acordaba
que non me acordaba
que tamén es tonto de madrugada.

— o —

Ao entrar na taberna
Ole anda
Tres cousas hai que pensar
beber moito e falar pouco
Ole anda
E antes de saír paghar.

- Por Isabel Vizoso Castro, O Ponto (Narón)

Xa Dios quere as cousas,
ti lévasme a min
e eu levo as lousas.

— o —

Fiadeira que fiache
que fixeche no marzo
que non branqueache.

— o —

Canteiro de Pontevedra,
picas na pedra miúda,
picas na muller allea,
outro picará na túa.

— o —

Muchachos a enamorar,
todos son buenos muchachos
pero para servir ao rei
todos son curas e mancos.

Oracións

- **Para curar as belidas dos ollos**

Santa Lucía, Santa Cristina
tres libros na mau tiña,
por un lía, por outro rezaba
e por outro as belidas dos ollos sacaba.
Con poder de Dios y de la Virgen María
un padrenuestro e un avemaría.

- **Para curar o mal de ollo**

Deus que che fixo
Deus que che criou
que che quite o mal de ollo
daquel que cho botou.
Non polo meu poder,
nin pola miña sabedoría
senón polo poder de Deus
e o da Virxen María.

Adiviñas

- Por Sherezade Elena Rodríguez (3º de educación primaria do CPR Ayala)

1. Come no monte
e baila na casa
como unha rapaza.

2. Un redondón
con redondelos
Un mete e saca
e un saca e pon.

- Por Perpetua Mouriz, Cerdido

3. Diante me miras
comerme querías
de ti sairá quen
a min me levará.
Que é?

4. Moitas damas nun corral
todas pinghan a un igual.

5. Unha cousa sempre mollada
e sempre ghardada.

- Por Elvira Novo Cazón, Vilalba

6. Alta me vías,
comerme querías,
por unha risada
perdín a miña anada.

7. Unha señora
mui aseñorada

Informantes do grupo de lectoescritura do Centro Municipal Integrado Manuela Pérez Sequeiros

sempre vai en coche
e sempre vai mollada.

8. Eu fun á fraga
prantei un piñeiro
deixei o piñeiro
e trouxen o furado.

- Recollidos no Centro Municipal Integrado Manuela Pérez Sequeiros

9. Na fraga se cría
e cando vai para a casa
non leva alegría.

10. A iglesia é pequeniña,
os santos todos arredor
e o sancristán revolvedor.

11. Unha vella cun dente
chama a toda a xente.

12. Alto ou baixo,
deitado ou de pé,
sempre está calado,
e non hai quen fale
mellor ca el.

13. Que é longa como a soga
e ten dentes como a loba?

14. Unha caixa pequeniña
blanquiña coma a cal,
todos a saben abrir,
e nadie a sabe cerrar.

15. Son pequena,
vivo nunha caixiña de madeira
e cómesme á cea.

16. De día vai a catro patas,
na tarde en dúas patas,
e pola noite a tres patas.

17. Gordo o teño,
máis o quixera
que entre as pernas
non me collera.

18. Alto estou
color de ouro teño
e por unha risada
perdín todo o que teño

19. Alto me vexo
no meu lugarexo

por unha risada
perdín a anada.

20. Terra branca
semente negra
cinco bois
e unha chavella

SOLUCIÓNS:

1. A peneira

2. O forno

3. A cabra que mira para o trigo: a pel da cabra pode ser usada para facer un saco e meter o trigo)

4. As goteiras

5. A lingua

6. A castaña

7. A lingua

8. Facer de ventre

9. A caixa dos mortos

10. A lingua

11. A campá

12. O libro

13. A silva

14. O ovo

15. A noz

16. O home. Etapas da vida

17. O cabalo

18. O ourizo

19. O ourizo

20. A terra: o papel; a semente: tinta; os bois:cinco dedos; a chavella:pluma

Trabalinguas

- Recollidos no Colexio Santiago Apóstol

Corchete que estás na corcheta
desencorchetácheste xa?
O desencorchetador
que te desencorchete
bo desencorchetador será.

Na ponte de Lugo
hai un lobo rubio
roendo un loro rubio
roe lobo rubio
roe nese loro rubio

Catro bois
e catro vacas
soben carro
costa enriba,
non hai home
nesta terra
que catro veces
o diga….

Unha galiña pinta, pipiripinta, pipirigorda, regonativa, cega e xorda;
ten uns poliños pintos, pipiripintos, pipirigordos, regonativos, cegos e xordos.

Se vou a Bueu nun bou, vou;
se non vou a Bueu nun vou, non vou
Si vas no bou, vou,
si non vas no bou, non vou.

Debaixo dunha pipa tinta hai unha pita pinta,
cando a pipa tinta pinga, a pita pinta pía.

Teño tres táboas
moi mal entarabintintingoletadas.
Hei mandar vir
un entarabitintingoletador
que mas veña
entarabitintingoletar mellor.

Unha poldra parda petra,
trouxo un poldro pardo preto.
Dixo a poldra parda preta
ao poldriño pardo preto:
— Trepa pouco,
poldro pardo preto,
trepa pouco….!

Unha pega merga, reborderga,
gorda, rebirigorda,
acotobelada e xorda
cría pegos mergos, rebordergos,
gordos, rebirigordos,
acotobelados e xordos.

Se non criase pegos mergos, rebordergos,
gordos rebirigordos,
acotobelados e xordos,
non sería unha pega merga, rebordrega,

gorda, rebirigorda,
acotobelada e xorda.

Se as miñas guedellas
se me enguedellaron,
enguedelladas
non deben de estar.
Desenguedelládemas,
desenguedelládemas,
se as podedes desenguedellar.

Cinco figafarzos novos,
afigafarzaron a figafarza verde,
veu o figagarfo vello,
e afigafarfou os cinco figafarfos novos,
e mais a figafarza vella.

Do queixo non me queixo,
que o queixo ben che me sabe
quéixome do que mo vende,
que non mo deixa de balde.

- Recollido no Centro Municipal Integrado Manuela Pérez Sequeiros

Tres vacas de lenzo lenzo
Tres vacas de lenzo din
Tres veces ao tejo tejo
Ao tejo tres veces din.

- Por José Porto Díaz, Moeche

Na beiriña do río
collín cordós
cordós collín.

Enredos

- Por Sara Penabad Garrote (5º de educación primaria do CPR Ayala)

  Este é o conto do tío Papanés,
  que tiña os ollos verdes
  e o cu do revés.
  Queres que cho conte outra vez?

- Por Perpetua Mouriz, Cerdido

  Venta, venta, en cas Vicenta
  trona, trona, en cas Ramona
  e chove, chove, en cas do pobre.

- Recollido no Centro Municipal Integrado Manuela Pérez Sequeiros

  Cantámosche os reices do quiquiriquí
  si non nos dás nada mexámosche aquí

- Por Fernando Loureiro Aneiros, Castro (Narón)

  Que che cai o cu, que che cai o cu, Maruxiña
  que che cai o cu na cociña

  Unha vella e máis un vello foron aos carabulliños
  a vella caeu deitada e o vello foi de fuciños.

- **Peido Bocho** de Piñeiros (Narón)

  Peido Bocho
  estaba na cama
  e dáballe o sol
  por unha ventana.
  Pola outra dáballe o vento
  Peido Bocho estaba contento.

- **Jopilimé** por María Teresa Penedo Romero, O Couto (Narón)

  Unha vella e tres comadres,
  nun barrio todas tres,
  armaron unha merendada,
  para ir ao San Andrés
  Con jopilimé, pirixel,
  e dominicó, trispilistrás e dominué,
  olé pola túa fe
  nosoutros tamén e Xan Pirulé.

  Unha puxo trinta ovos,
  outra puxo trinta e tres,
  e outra puxo un carneiriño
  cos corniños do revés.

  Con jopilimé, pirixel
  e dominicó, trispilistrás e dominué,
  olé pola túa fe
  nosoutros tamén e Xan Pirulé.

  Alá pola media noite,
  Acabaron a catro pés.

  Con jopilimé, pirixel,
  e dominicó, trispilistrás e dominué
  olé pola túa fe
  nosoutros tamén e Xan Pirulé.

Poemas de autor/a con xeito de tradición oral

- **A árbore** por Carme Vidal Cabanas, Irixoa

  Vide pícaros lixeiros
  plantar todos arboriños
  por hortas, prados, lindeiros,
  por desertos e camiños.

No árbore temos señores
ao noso amigo máis fiel
que nos dá moitos favores
neste mundo de dores
mentres vivimos nel.

Dá flores na primaveira
no outono dá vida e froita
no verán sombra feiticeira
no inverno leña e madeira
cartiños e saúde moita.

E despois da nosa morte
doenza que non ten cura
aínda segue nosa sorte
nas táboas dun nicho forte
que nos leva á sepultura.

- **As modas da xuventú** por Manuela Bañobre Díaz

Das mociñas e dos mozos
muito temos que contar
que fan moitas pillerías
para poder enamorar.

Empezares polas mozas
que son as máis zalameras
para que os mozos as queiran
póñense de mil maneiras.

Pintan as uñas dos pés
e non se lavan as pernas
logo han pintar o fociño
a testa e máis as orellas.

Mozas de Narón nos anos 50 (Arquivo Municipal do Concello de Narón)

Cando teñen quince anos,
xa non se pode con elas
todas queren buscar mozo
para que lles quente as canelas.

As rapazas de hoxe en día
son de tan bon parecer
que para lucirse na calle
moitas pasan sin comer.

Todas dicen mui contentas
nada importa pasar fame
o que importa é ter bos traxes
para lucilos pola calle.

Así andan medias tolas
correndo de festa en festa,
presumindo de señoras
e coa barriga baleira.

Por non pasar moito tempo
en peinarse ben o pelo
agora teñen de moda
raparse como os carneiros.

As que teñen moitos mozos
están tolas de contentas
e a que non ten ningún
logo rebenta coa pena.

O pai que ten moitas fillas
nunca nada pode ter
porque elas con tantas modas
acábanlle canto ten.

Moito postín, moito lujo,
moita risa, moito aire,
anque a pobre da barriga
vaia mortiña de fame.

Con esos traxes que gastan
de extravagante feitura
mesmo parece que van
as pobres medias desnudas.

E para máis fea costumbre
todo nos van enseñando
sólo tapan un pouquiño
a porta de San Fernando.

Así que mozas solteiras,
non hai que ser tan toliñas
que os mozos xa van cansados
de ver tantas tonterías.

Tapade ben o que tedes
tede un pouco de vergonza
que para chegar a ter home
non fan falta tantas modas.

Cando teñen doce anos
xa non queren traballar
sólo pensan en ter mozo
xa soñan con se casar.

En vez de axudar aos pais
fanse que están enfermas
pero en chegando o domingo
marchan correndo para a festa.

Agora que xa falamos
do que son as rapaciñas
falaremos dos mociños
que tamén son boas crías.

Cando andan pretendendo
lucen como señoritos
e moitos deles non teñen
para unha caixa de mistos.

Bon traxe, boa corbata,
zapatos e gabardina
aunque na casa non teñan
con que fartar a barriga.

Casi de esta maneira
todos presumen de ricos
anque na casa non teñan
con que fumar un pitillo.

Hasta fan ondas no pelo
para facerse máis bonitos
pero para facerse bon mozo
hai que selo de principio.

Cando van ver a rapaza
fumando no seu cigarro
fanse ver que son gran cousa
e non valen un pataco.

Con palabras cariñosas
fannos ver moito cariño
pero sólo e polo conto
que tedes tan escondido.

E cando logran a súa
xa cambian de parecer
fan igual que fan os cucos
non se acordan de volver.

Así é que rapaciñas
debedes ter coidadiño
gardade ben ese conto
que é o voso peligro.

Porque os mozos de hoxe en día
son tan falsos e tan pillos
que mentras que vós chorades
eles despois vanse rindo.

Dan palabras máis dun cento
e non cumplen con ningunha
hasta que xa van cansados
de facer mil falcatrúas.

Por eso mozas solteiras
non lles debedes dar o dreito
mirade o que facedes
que despois non hai remedio.

Tamén hai moitos mociños
que en vez de ir ás rapazas
andan de baixo para riba
metidos de tasca en tasca.

Hainos que son tan viciosos,
tan borrachos e perdidos
que o que ganan á semana
non lles chega para o domingo.

Todos estos folgazás
que non topan quen os queira
tratan de casarse pronto
para que a muller os manteña.

- **Parrafeo de mozos e mozas** por Manuela Bañobre Díaz

Vinde parrafear nenas
que os mozos están rabeando
para cortexar coas nenas
e casarse de contado.

Que é o que che pasa galán
que hoxe non me coñeces
pois paso polo teu lado
e non falas nin respondes?

Que me ha de pasar meiga
porque te ondulache o pelo
pois antes eras fea
agora pareces o demo.

Non me insultes canalla
que hoxe esto anda de moda
e moza que non ondula
non sabe que é cousa boa.

Pois eso será bonito
e farédelo por moda
pero para andar como os homes
sólo vos falta unha gorra.

Pois para casarte conmigo
tes que deixar de pintarte
pois pareces unha mona
desas dos escaparates.

Xa que tanto me reprendes
rapaz terei que deixarte
pois cando agora fas esto
que farás cando me case?

Eu se me andas ao dreito
heiche facer un regalo
e se me sales moi mala
douche cun pau de carballo.

Así fan todos os homes
cando andan parrafeando
todos parecen santiños
pero despois son o diablo.

Y as mulleres son tan meigas
que así que se ven casadas
aos homes danlle o caldiño
i elas comen as talladas.

I os homes van para á cantina
e despois coa borrachera
veñen para xunto a muller
e ándanlle o vuelo o pandeiro.

Pois deixémonos de contos
casémonos de contado
que eu paus nunca chos daría
dareiche bicos e abrazos.

Así din todos os homes
pero así que están casados
matan a muller de fame
de desgustos e trancazos.

Eu non te tratarei mal
si tu me fas boa vida
pero si me sales falsa
dareiche leña con tila.

Pois si tu me das diñeiriño
dareiche canto ti queiras
e nas noites de gran frío
heiche quentar as canelas.

Todo esto está moi ben
sólo que faltan os cartos
estamos en tempos probes
que non temos para tabaco.

Pois si non tes diñeiriño
eu tampouco non o teño
e se os dous nos xuntamos
morreremos no inverno.

De fame non morreremos
a eso non teñas medo
enredando e brincando
ben pasaremos o tempo.

Todo eso que tu dices
é cousa mui divertida
solamente enredando
non se enche a barriga.

Para a barriga miña nena,
nada che ha de faltar
con ovos e con chorizos
xa cha farei engordar.

Pois si me das esa vida
contenta me has de ter
sereiche moi obediente
como unha boa muller.

- **O casamento de Xacobo da Portela con Carmela da Furada** por Manuela Bañobre Díaz

Xacobiño da Portela
acábase de casar
con Carmela da Furada
que é a máis guapa do lugar.

Xacobo era listo
como veterano
pero ao casarse
levou gran petardo.

Pensou que Carmela
estaba cilleira

Igrexa de Santa Margarida, Narón

pero a pobre estaba
de mala maneira.

Carmeliña era unha moza
das melloriñas do pueblo
pernas gordas, cara guapa
barriga de reglamento.

En cambio Xacobo
era un mozo vello
cincuenta e dous anos
xa non era un neno.

Nunca tuvo amores
nin para quen mirar
hasta que a Carmela
a puido enganchar.

Coa tarde de inverno
que facía moito frío

Xacobo e mais Carmela
topáronse no muíño.

E aquela tarde Xacobo
contento
tratou con Carmela
o seu casamento.

Pero Carmeliña
estaba arreglada
e o pobre Xacobo
non sabía nada.

Ao cabo de catro días
que de casados levaban
aló pola media noite
Carmela púxose mala.

Xacobo todo asustado
pegou un brinco na cama
Que tes Carmeliña
miña enamorada?

Eu non sei que teño
sei que vou morrer
vola polo médico
Xacobo a correr.

Pero antes de marchar
traime unha pouca manteiga
para fregar esta barriga
que me doe como unha meiga.

Xacobo todo apurado
catorce escaleiras
saltounas dun brinco.

Abreu a lacena
colleu a manteiga
e con tanta prisa
rompeu a pucheira.

Xacobo todo apurado
colleu unha presa chea
e chorando o pobre home
foi para xunto de Carmela.

— Frótame Xacobo
Carmela decía
— E aprétame ben de baixo para riba

Que eu non sei que teño
na miña barriga, dolores tan raros
non tiven na vida.

Despois das freguiñas dadas
foi o pobre polo médico
o que chegou de contado.

Mirouna con xeito
por baixo e por riba
e ao ver como estaba
pegáballe a risa.

Xacobo chorando
mui triste decía
— Fáigalle o que poida
por salvarlle a vida.

A rapaciña está ben
por hoxe non hai peligro
porque o mal que ela ten
é un mal mui conocido.

Este mal é corto pero era claro
porque a rapaza estache de parto.
Así que Xacobo deixa de chorar
que dentro de pouco terás que arrolar.

— Señor doctor non se engañe
Dixo Xacobo enseguida
— Porque o que usted me dice
creo que será mentira.

— Sólo van catro días
que levo casado
como pode ser
que ande de parto.

Pois esto éche verdad
ten paciencia Xacobiño
que nacéndoche na casa
xa sabes que é teu fillo.

— Eu non quero nada
Contestou Xacobo
— Aló miña sogra
que cargue con todo.

Que ela tuvo a culpa
que eu fora casado
sabendo que a filla
tiña contrabando.

Ao cabo de pouco tempo
Carmeliña deu a luz
un meniño mui hermoso
quen nos seus choros decía
Xacobo vaime arrolando.

Pero Xacobiño
marchouse da casa
nin siquiera quixo
mirarlle para a cara.

Arreglou as cousas
foi para Venezuela
e deixou quedar
a pobre Carmela.

Así é que rapaciños
escoitade este consello
debedes buscar boas mozas
que non leven estraperlo.

E antes de casarse
pasarlle revista
por baixo e por riba
como militares.

Que o pobre Xacobo
por ser confiado
tocoulle unha moza
comida dos ratos.

Outros

- Por Daniel Quintela Vigo (5º de educación primaria do CPR Ayala)

  Carniceiriña por que estás tan triste
  dime que foi o que che aconteceu.
  Foi a camelia que caeu
  do árbol e deu un suspiro
  e despois morreu.

Carniceirniña do meu amor.
E todo é teu, e nada é meu,
e todo é teu, e nada é meu,
Eres máis doce que a nai que te pareu.

- Por Noelia Fernández Embade (5º de educación primaria do CPR Ayala)

  Collín, collín, collín
  caraveles e rosas
  e pensamén
  e pensamén
  e pensamentos.

  Palá, palá, palabras amorosas
  que leva o ven
  que leva o ven
  que leva o vento.

- Por Ainara Aneiros Salgado (3º de educación primaria do CPR Ayala)

  As persoas do campo, cando pasaba moito tempo sen chover, ían en procesión polas súas terras e acompañados dos cregos da parroquia e rezaban así:

  — Santa Catalina
  (Coro)
  — Chove, Dios, chove!
  e que cerren as degretas
  que todas están abertas.
  Chove, Dios, chove!

REFRÁNS E EXPRESIÓNS

- Por John Alexander Soto Liberato (3º de educación primaria do CPR Ayala)

  Marzo, marzolo trebón e raiolo.

  En abril, augas mil.

  O que con nenos pequenos se deita todo lixado alborea.

- De 3º de educación primaria do CPR Ayala

  A auga non quere o viño pero si o muíño.

  A auga no regueiro, mantenza para o muiñeiro.

  Se está chea a presa hai fariña na artesa.

  Moa sen dentes é coma muller sen pendentes.

  Nin muíño sen rodicio, nin home sen oficio.

- Recollidos no Colexio Santiago Apóstol

  En martes, nin cases nin embarques.

  Na terra dos cegos, o chosco é o rei.

  A moito falar, moito errar.

  Non é pobre o que ten pouco, senón quen desexa máis.

Mexo de can, diñeiro na man.

Vale máis chegar tarde que nunca.

Dos huevos en un mesón, bien batidos, cuatro son.

Casamento por interese, o contento dura un mes.

En marzo chove, neva e fai escarapela.

En xaneiro, súbete ao lombeiro; se ves verdexar, ponte a chorar; se ves negrexar, ponte a cantar.

Nin tanto xo! Que se pare, nin tanto xerte! Que fuxa.

Bótame na lama e faime boa cama.

Seméntame na lama e de min non verás nada.

Sácame a marzo, xa verás como pazo.

A auga perde o mes pero non perde o ano.

A lúa de outubro sete días cobre.

Cando maman da nai vai ben, cando chupan do pai todo vai mal.

Home novo e muller vella, un dos dous que veñan.

Ollo de barbeiro, metro de carpinteiro.

Onde vexas corpo carga e onde vexas orellas dá cebada.

O galego non perde o rego.

Non lle fagas mal que non o merecen, mais non lles fagas ben que non agradecen.

Á boa fame, non lle chora o dente.

A cabalo regalado, non lle mires o dente.

Á cabra que tira ao monte, non hai cabreiro que a garde.

A cabra sempre tira ao monte.

A cada porco lle chega o seu San Martiño.

A cana engana, o dente mente e na enruga non hai dúbida.

A cara de casar non é a de namorar.

Á casa da tía non vaias cada día e á da cuñada nin cada día nin nada.

A castaña que está no camiño, é do veciño.

A cebola ten que ver marchar ao seu amo.

A chuvia no mes de agosto, non é chuvia, é mel de mosto.

A conciencia é verde e comeuna o burro.

A conciencia vai coa conveniencia.

A culpa é tan mala que ninguén a quere, por iso está solteira.

A dar, ninguén morre rico.

A fame e o frío meten ao pobre na casa do inimigo.

A gana de comer fai a vella correr.

A gusto dos amos, rómpense os panos.

A moa e a sogra se doe botala fóra.

A muller, a escopeta e o cabalo, non prestalo.

A muller e a sardiña canto máis pequena máis saborosiña.

A muller que lle pega ao home, fai ben se pode.

A muller que non come canda o seu marido, ou pensa comer ou xa ten comido.

A non ter, calquera chega.

A paxariña que é de boa casta trae a súa roladiña para a Pascua.

A ovella mansa mama da súa nai e mais na allea; a brava nin da súa nin na allea.

A pasar o río e a dar diñeiro nunca sexas o primeiro.

A quen Deus non lle dá fillos, o demo dálle sobriños.

A que empreña en agosto, en maio torce o rostro.

A quen lle has dar cea non lle negues a merenda.

Agosto mollado, neve para o ano.

Amigo que non dá e coitelo que non corta, que se perdan pouco importa.

Amigo e viño, o máis antigo.

Aínda que non durma o ollo, descansa o óso.

Ano de neves, ano de bens.

As visitas son coma o peixe, que aos tres días feden.

Cada un fala da feira como lle vai nela.

Cando a Candeloria ri, aínda o inverno está por vir.

Cando a gaivota visita ao labrador, mal lle vai ao pescador.

Cando a esmola é grande, ata os santos desconfían.

Cando marzo vén quente, trae o demo no dente.

Cando o moucho canta de día, auga para o outro día.

Canto máis vello, máis pelello.

Carallo de galego!, onde pon o ollo, pon o dedo.

Cerco na lúa, auga segura.

Chuvia con sol, non molla o fol.

Come leite e bebe viño, e chegarás a vello sendo un mociño.

Costureira sen dedal, cose pouco e cose mal.

Desgraza ao veciño: venche a túa polo camiño.

Día de Entroido e domingo de Pascua, cada larpeiro na súa casa.

Diñeiro prestado, amigo acabado.

En abril, queima a moza o mandil.

En casa chea, logo se fai a cea.

En casa do ferreiro, coitelo de pao; na do carpinteiro, senta no chao.

En San Xoán xa a sardiña molla o pan.

En Santa Lucía, minguan as noites e medran os días.

En setembro secan as fontes e arden os montes.

En San Xoán as nove co día dan.

Entroidiño larafuzán, comiches a carne deixaches o pan.

Entre pais e fillos non metas os fuciños.

Entre parentes non metas os dentes.

Entre curmáns e irmáns non metas as mans.

Onde vas Vicente? Onde vai a xente.

Na casa de Gonzalo máis pode a galiña có galo.

Cansa que dá, pero non cansa que toma.

Ano bisesto, promete e non dá.

Xesús que demo de can, que pouco agradece o pan que lle dan.

Maio granado e San Xoán curado.

Ao mal tempo boa cara.

O home e o oso, canto máis feo máis fermoso.

Non hai mal que por ben non veña.

O que mal empeza, mal acaba.

Ollos que non ven, corazón que non sente.

Mans que non dades, que esperades.

O que proba os grelos, chupa os dedos.

O que todo o quere, todo o perde.

Vale máis tarde que nunca.

O que rouba ao ladrón, cen días de perdón.

O home que non fala é coma o can que non ladra.

Vale máis ser tonto e espabilar ca ser listo e tontear.

Aprendiz de moito, mestre de nada.

Onde hai patrón non manda mariñeiro.

Antes de ser frade, fun cociñeiro.

Fai ben e non mires a quen.

Detrás virá quen bo me fará.

Mala herba nunca morre.

Sarna con gusto non pica.

Nunca choveu que non escampase.

Non hai mal que cen anos dure nin corpo que os ature.

Ollos de gato valen por catro.

As vodas con foguetes sempre acaban con cachetes.

A auga de correr e a xente de falar, non se pode privar.

Boa roupa e boa vida fan á vella garrida.

Sogra e nora e can e gato non comen ben nun mesmo prato.

De tal pano, tal saia.

Non hai día que non chegue, nin prazo que non se acabe.

Naufragar e voltar a embarcar, tolo tense que estar.

Navegar contra o vento, custa traballo e tempo.

Ata o corenta de maio, non quites o saio.

Amigos moi amiguiños, pero a vaca polo que vale.

Avogado, sogra e doutor, canto máis lonxe mellor.

Cabalo grande, ande ou non ande.

Cando chove e quenta o sol, anda o demo por Ferrol.

Cando hai fame non hai pan duro.

Can que moito lambe, saca o sangue.

As campás cando tocan, non tocan para os que morren, tocan para os vivos, para que de morrer se acorden.

En abril, sae o cuco do cubil.

En maio, aínda a vella queima o tallo.

Entre pau e pau, descansa o lombo.

Febreiriño rabo torto, cos teus días vinte e oito, se tiveras máis catro, non quedaba can nin gato, nin raposo no burato.

Marzo marzal, á mañá cariña de rosa, á noite cara de can.

Non se collen as troitas coas pernas enxoitas.

Nunca foi mal ano por moito millo.

Onde hai fume, houbo lume.

Ovella que berra, bocado que perde.

O falar non ten cancelas.

O que pola noite asubía, polo demo pía.

Quen nunca igrexa viu, á porta dun forno fai a reverencia.

Quen dá pan a can alleo, queda sen pan e sen can.

Nun día de romería (Arquivo Municipal do Concello de Narón)

Sempre corre o ouro para o tesouro.

Vai a vella morrendo e vai aprendendo.

Sabe máis o demo por vello ca por demo.

Vísteme amodo que teño présa.

Deus dá codias a quen non ten dentes.

Para dicir mentiras e comer pescado, hai que ter moito coidado.

Colle fama e déitate a durmir.

Pasou o día, pasou a romaría.

Para onde vas tolo, para onde van todos.

Quen fai un cesto, fai un cento.

Quen non quere caldo, sete cuncas.

Comer e gozar, todo é comezar.

Meu dito, meu feito.

Hai que saber disimular o que non se pode remediar.

- Por Isabel Vizoso Castro, O Ponto (Narón)

Por detrás tentación, por diante arrepentimento.

Dios che dea que dar e que ter, para que a xente te veña ver.

Por San Xoán, rómpelle a primeira raíz ao pan; por San Pelaio, a do lado; e por San Pedro, a do medio.

Fillo eres, padre serás, según o fixeche, así cho farán.

O mal e o ben, a cara se ven.

Fillos criados, pesares doblados.

Sardiña que leva o gato, tarde ou nunca volve ao plato.

Nunca te deitarás sen saber unha cousa máis.

O que de novo baila ben, de vello aínda lle da ao son.

Muller parida, carreira abaixo, carreira arriba.

Xaneiro, xiadeiro.

Febreiro, frebas.

Abril, que si por mal quer vir, as portas non deixa abrir.

En maio, aínda a vella queima o tallo.

Por Santa Mariña, deixa o sacho e colle a fouciña.

Por San Miguel, deixa a fouciña e colle o caravel.

Divino mes, que empeza con santos e acaba con San Andrés.

Non compres a quen comprou, compra a quen herdou, que non sabe o que costou.

Non pidas a quen pideu, nin sirvas a quen sirveu.

Non estires máis o pé do que che dea a manta.

O que é bon para o bazo é mal para o liviano.

O home e o pan, vai a donde llo dan.

Estámosche ben, si. Como tres nun zapato.

- Por Perpetua Mouriz, Cerdido

  Chufas e peidos non custan diñeiro.

- Por Carmen Rivera Justo, Ortigueira

  O paxariño cando chove mete o rabo na silveira.

  Sol madrugador, mete o can no palleiro.

  Febreiriño, febreiriño, cos seus vinte e oito días, si non fora marzo que lle quitou catro, nin deixaba can nin gato.

  Chover, chover, mete o can no palleiro.

  Vento de Lugo, auga no puño.

  Non te alegres do mal do veciño que vén o teu polo camiño.

  Marzo, marzolo, torbón e raolo.

  En maio a vella quenta o saio.

- Recollidos no Centro Municipal Integrado Manuela Pérez Sequeiros

  Neve no prado, fame no gado.

  Neno xogando, neno medrando.

  Neno que non quer xogar, algo lle ten que pasar.

  O neno de xogar, a muller de mentir, i o can de ladrar, non se lles pode sacar.

  Cando entran as lombrigas xa non salen das barrigas.

A muller i a galiña para casa axiña.

A que moito escolle, pode quedar sen home.

Muller bigotuda e mula falsa, Dios chas aparte da casa

Para mentir e comer pescado, hai que andar con moito coidado.

A muller i a sardiña pola máis pequeniña.

A muller i a sardiña, canto máis pequena máis dañina.

A besta grande ande ou non ande.

Non se pode comer xamón a diario, nin estrear traxe cada ano.

O que oe na lareira o neno, cóntao no adro da iglesia.

O home afaise a todo hasta a ser casado.

O que ten tenda que a atenda, e senón que a venda.

O que solo verzas come, pouco tempo é home.

Comida acabada inda apeita outra tallada.

O becerro sin vaca i o neno sin nai, mal lles vai.

As túas músicas Antón, non me anuncian nada bon.

Máis cura colo de nai, que menciña de ciruxano.

Todos son moito, pero eu son máis que todos.

Man que non ten callo, non a busques para o traballo.

A vida da aldea que a viva quen a desea.

O que a lengua inventa, o demo aumenta.

Por cada dous homes bos, hai vinte ladrós.

Cando vexas que hai paus, colle os zapatos na man.

A falta de homes bos, fixeron alcalde a meu pai.

O ferreiro da maldición, cando ten o ferro fáltalle o carbón.

O gato escaldado á auha fría ten medo.

Arre besta, sácame desta.

Nunca choveu que non escampara.

Canto máis frío, menos roupa.

Na terra de lobos, ouvear coma todos.

Cabalo grande, ande ou non ande

A miseria empeza por non haber.

Ovella que berra, bocado que perde.

Ánimo tripas, que hai un corno a cocer.

No país dos cegos o torto é rei.

As penas con pan, son menos penas.

Con pan e millo, ándase o camino.

É tan gordo como o bacallau polo rabo.

En xaneiro xea e en marzo ventea.

Cando as barbas do veciño vexas pelar, pon as túas a remollar.

Quen ten amores non dorme e quen non os ten adoece.

Ese ten a sorte dos escadrilados.

A casar non doe a barriga pero doe para o outro día.

De pequeno rei, de mozo capitán, de casado burro, e de vello can.

Ventoso o primeiro de maio, señal de que non vén verano.

O que non come castañas o primeiro de maio, dálle un desmaio.

Hai que deitar o maio para que veña a primavera e fecundidade.

Cando en marzo maiea, en maio marcea.

E non digamos faremos, senón comencemos.

Pian, pian, as formigas a roma van.

RE
FRÁNS

96
97

CRENZAS E COSTUMES

- **O noivado** por Olimpia Tomé Gayoso, Betanzos

  Antes da voda había o moceo. Os mozos moceaban, a maioría das veces, nas casas das mozas. Había un día á semana, xeralmente o xoves á tardiña, na que o mozo ía mocear ou parolar á casa da súa pretendida. Iso si, sempre sen marchar da beira da casa. Podía ser na porta, ou cando xa había máis confianza, a parella podía pasar ata a cociña ou mocear no corredor da casa, sempre baixo a mirada vixiante dos maiores.

  Cando o pretendente destas ocasións era o mozo era o mozo quen lle pedía a palabra, e se ela aceptaba logo ía el visitala á súa casa.

  Cando o pretendente era de para os da casa, porque era, poño por caso, un vinculeiro, un mozo de boa familia ou moi traballador, quedaba na casa da moza. Polo mesmo, os que se nestas lides había veces que os da casa chegaban a finxir a súa riqueza, se esta non era verdadeira, pois sabían que o pretendente tamén se fixaba na súa situación económica e social.

  Tal era así que se ten dado que nalgunhas casas simulaban

pois coma se batesen ovos para a cea, dado que se na casa ceaban tortilla, era porque non lles ían mal as cousas.

Dito así parece que todos os casamentos se facían por comenencia. Polas circunstancias económicas, da nosa Galicia, desde tempos, a maioría das veces primaba o interese.

Incluso se daba o caso de casaren sen coñecerse demasiado ao non seren veciños da mesma parroquia ou de estar un noutro país como ocorría por estar algún dos membros da parella na emigración, incluso chegaba a casar por poderes, nomeando unha persoa que os representase fisicamente durante o casamento.

Esta era unha carta para escribirlle a unha moza. Debía ser sobre os anos vinte e dicía así:

Estas dos letras te escribo
prenda de mi corazón.
Quiera Dios
que al recibir esta carta vida mía,
te encuentres sin novedad
llena de gozo y alegría.

Yo de salud quedo bien
no tengas pena por mí,
pero no pasa un momento
que yo no me acuerde de ti.

Es tanto lo que te quiero,
adorada Leonor,
que no duermo ni descando,
siempre pensando en tu amor.

Ni de noche ni de día
no tengo tranquilidad

porque tengo miedo que algún día
tú me llegues a olvidar.

Además, sé que tienes otros
que amas con más cariño
y por eso a mí me tienes
en el más profundo olvido.

Mas como no puedo volar
me tengo que conformar
hasta el día que tú vengas
para poderte alcanzar.

- **Antroido, Antroidiño** por Olimpia Tomé Gayoso, Betanzos

  No Concello de Feás, onde eu nacín fará máis de sesenta anos, unha vez estaba eu arriba, no cuarto, e sentín que alguén berraba a choros. Como era no tempo do Antroido e acostumbraban a cantar e rir disfrazados de vellos polas casas, asomeime á ventana a ver que pasaba e iba un veciño falando a berros para que todos oiramos:

  Adiós Antroido, Antroidiño
  adiós meu amighiño
  que hasta o Domingo de Pascua
  non podo comer máis touciño

- **O San Xoán** por Olimpia Tomé Gayoso, Betanzos

  Logo do San Xoán comenza o solsticio de verán, polo que a tradición popular cre que a noite antes do vinte e tres é cando ataca o mal, xa que despois, á mañanciña seguinte, o sol escintila e mata a oscuridade.

  Con respecto a isto hai aquel dito de que no comenzo do día de San Xoán baila o sol.

  En esta Galicia celébrase este día adornando na véspera

Un grupo de informantes na actividade de Ioga do Centro Municipal Integrado Manuela Pérez Sequeiros

as fiestras, portas e buratos das paredes con flores e herbas milagreiras, fiúncho, flor de sabugueiro, rosas, espadanas, cardos, fieitas, flores de San Xoán e santa-marías, para que esa noite o mal non entre nas casas.

Tamén se poñen a remollo en auga estas herbas, que quedan ao luar para que lles dea o orballo. Ao día seguinte hai quen se lava con esa auga purificadora, e o beneficio será dobre se a auga foi en sete fontes.

Non se debe deixar a pota do leite destapada por se as meigas lavan o cu nela.

Hai quen bota unha clara de ovo nun vaso, que á súa vez pon no alzadeiro da cociña para ao aoutro día predecir o seu futuro. Se a figura que sae alí é un barco, unha catedral ou outra cousa será a interpretación.

Para escorrentar o mal sáltanse as cacharelas, lumieiras, lumes, fogueiras, ou como se chamen en cada recuncho

de Galicia. Ao saltar o lume polo menos tres veces, cántanse cousas como esta:

Cacharela de San Xoán
para que non me trabe
cadela nin can
nin can nin cadela
nin cousa mala que haxa nesta terra.

- **O cacho do San Xoán** por Adrián López López e Candela Allegue López (3º de educación primaria do CPR Ayala)

  Polo San Xoán hai varios costumes en Galicia como facer fogueiras e lavarse coa auga do cacho. O cacho faise pondo nun recipiente auga e unha mestura de herbas aromáticas, como ruda, herba luísa, menta, tomentelo, macela, malva, romeo e fiuncho.

  Estas herbas teñen que ser collidas na véspera de San Xoán pola tardiña, antes de se meter o sol.

  O cacho, coa súa auga e coas súas herbas déixase a serenar durante toda a noite. Pola mañá, a auga ten un recendo agradable e a xente lava a cara con ela.

- **Paxaros anunciadores** por Dolores Montes Vázquez, Vilalba

  Esas peghas blancas e negras cando se poñían no tendero da roupa ou nos paus de tender a roupa ou por alí na parra… e cando reñían, non sabes? Atufábanse así as peghas, e cantaban as peghas, tamén tiñas unha reña de familia ou algho había. E despois, os páxaros, que teñen así o papo roibo, o papo así amarillo, uns páxaros, na aldea decíamos eu e mais as miñas irmás:

  — Alghién vén á noite […]

  E acertaban.

- **O pazo Libunca** por Fernando Cendán, Pazos (Narón)

  A familia Montenegro fixo o Pazo Libunca en 1918 e cando eu era pequeno contábase que cando se estaba construíndo, á hora de fundir o piso, xurdiu a lenda de que o iban a cubrir con moedas de plata de Alfonso XIII. Parece ser que ese disque, disque chegou a palacio e de volta lle dixeron:

  — Non fagas eso que ao rei lle vai parecer mal porque é pisotearlle a súa efixie.

  Dixo:

  — Ai, que non se preocupe a súa maxestade que as poño de canto.

  Non hai restos desa ostentación.

- **Orixe dos pementos do Couto** por Tomas Casal Pita, Narón

  Os pementos do Couto picaban e conta a lenda que hai moito tempo cheg-ou ao mosteiro do Couto unha visita e que lle fixeron un guiso con pementos e non lle gustou nada o pemento. Adoecía de picor. Entón a visita foise e xurou que non volvía máis porque picaban os pementos. Entonces o responsable do monaterio unha noite soñou, se lle apareceu un santo en soños, e lle dixo que non se preocupara, que podía volver invitar á visita que os pementos non habían picar e desde entón os pementos non pican.

CREN
ZAS

Dende a Concellaría de Educación e do Servizo de Normalización Lingüística agradecémoslles a todas as persoas participantes o seu esforzo e traballo para achegarnos parte deste ben cultural do que son depositarias. Moitas grazas:

Areosa

Perpetua Mouriz López, Cerdido
Maribel Mouriz Prieto, Ortigueira
Carmen Riobó Fernández, Piñeiros (Narón)

Centro Manuela Pérez Sequeiros

Ademais de á xente participante nas actividades de Ioga e Cancións de Animación, temos que agradecer a súa participación, entre outras persoas a:

Elena Leira López, Mugardos
Sita Teijido Iglesia, A Gándara (Narón)
Josefa Rey Bellas, O Vicedo
Olimpia Tomé Gayoso, Coirós
Elvira Novo Cazón, Vilalba
Carmen Pita Cao, Ortigueira
Irene Senra Herias, Asturias
Mariluz Úrsula Basanta Pita, Moeche
Josefa Pernas, Vilalba
Carmen Rivera Justo, Ortigueira
María Iglesias Vázquez, Ferrol
Dionisio Yáñez Vázquez, Vilalba
José Porto Díaz, Moeche
Manuela Meizoso Caaveiro
María Antonia García López, Ferrol
María González Pérez, Cervantes
Dolores Montes Vázquez, Vilalba
Pilar Muíño Castro, Moeche
Amadeo Orosa Souto, Vilalba
Dolores Guizán Folgueira, Vilalba
Carmen Vidal Cabanas, Irixoa
Manuela Bañobre Díaz, Ferrol
Fernando Loureiro Aneiros, Castro (Narón)
Concepción Sánchez Blanco, Vilasantar

María del Carmen Oreona Eirín
Isabel Moreira Arnoso
Concepción Castro Vales, Betanzos
Amelia Serantes Castaño, Ferrol
Isabel Campo Freire

Outras persoas participantes

María Teresa Penedo Romero, O Couto (Narón)
Ana Isabel Bello Platas, Ferrol
Fernando Cendán Pazos, Castro (Narón)
Tomás Casal Pita, Narón
Isabel Vizoso Castro, O Ponto (Narón)

Centros escolares

CPR Ayala

3º Educación Primaria:

Candela Allegue López
Nerea Vázquez Castro
Sherezade Elena Rodriguez Gomez
María Jesús Selfa Andrade
Gloria Fernández Pozo
John Alexander Soto
Adrián López López
Esther Diz Rodríguez
Hugo Alegre Corral
Ainara Aneiros Salgado
Paula Monreal Luis
Candela Dopico Vázquez
Ainhoa López Osorio
Alicia Freire Leira

5º Educación Primaria:

Yago Tenreiro Rodríguez
Adrián Couce Hermida
Noelia Fernández Embade
Jacobo Bouza López
Andrea Pena González

Cristina López Durán
Javier Bereijo Martínez
Daniel Quintela Vigo
Yaiza Rodríguez Rodríguez
Izan Hermida Polo
Carolina Rey López
Sara Penabad Garrote
Iker Falcón Cazás
Helena Pita Caruncho
Ana María García Ferreira
Nuria Díaz Piñón
Noelia Penabad Garrote
Thalía Romero Romero
Ariadna Guzmán Barbeiro
Hugo Lamas Ferreiro

Alumnado do CPR Santiago Apóstol

O centro CPR Santiago Apóstol cedeu un manual realizado polo seu alumnado hai uns anos coa recolleita de refráns e trabalinguas.

*Inclúese, xunto cos datos persoais, o lugar de nacemento para identificar a procedencia das persoas informantes.

NARÓN

CONCELLARÍA
DE EDUCACIÓN

SERVIZO DE
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA

Servizo subvencionado por:

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Deputación
DA CORUÑA

fabaloba